

**ACTA N.º 7/2012**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE XUÑO DE 2012**

ASUNTOS

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

**I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS**

**I.3.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POR:**

**A) OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS**

**B) LICENZAS DE ESTABLECEMENTOS E POLA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VERIFICACIÓN DE NORMATIVA DE ESTABLECEMENTOS**

**I.4.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DOS PREZOS PÚBLICOS DAS:**

**A) ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

**B) ESCOLAS E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS**

**I.5.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE NIGRÁN PARA O ANO 2012: MONITORES DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

**I.6.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 4.372,59 EUROS**

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**II.1 - RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

**II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

*Grupos*

**Alcalde-Presidente:**

- PP

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorroto
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

---

Interventor: D. Modesto Solís Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 28 de xuño do 2012
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:07
- *Hora de remate:* 12:30
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15
- *Membros non asistentes:* D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez e D. Rubén Rial Sánchez

**Incidencias:**

- a) Alteracións no quórum de asistencia: Non se producen  
 b) Outras incidencias: Non se recollen

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar

## 1.- PARTE RESOLUTIVA

### 1.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data 31 de maio de 2012

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións respecto da mesma

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 31 de maio de 2012, queda aprobada cos votos a favor dos 15 membros da Corporación presentes.

### 1.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, coa seguinte proposta da Alcaldía.

Vista a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e

obras, publicada no BOP número 206, do día 26 10 09

Visto o establecido no Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas unificadas de liberalización do comercio e de determinados servizos, e tendo en conta que o mesmo elimina os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde pública, ligados a determinados establecementos comerciais e outros, afectando tamén a todas as obras ligadas ao acondicionamento dos locais que non requiran proxecto técnico de obra para as que non será esixible licenza ou autorización previa.

Considerando preciso modificar a ordenanza fiscal citada coa finalidade de adaptar o seu articulado ao establecido no Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio.

Esta Alcaldía propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Modificar os artigos 2, 3, 4, 5 e 7 da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que terán a seguinte redacción

#### Artigo 2.- Feito imponible

1 - Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a correspondente licenza, obtiverase ou non a mesma, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello

2 - As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior, poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza ou a actividade de control según a normativa vixente, e, en particular:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de locais clases de nova planta, así como as de ampliación de construcións existentes
- b) Obras de demolición
- c) Obras de modificación ou de reforma tanto aquelas que afecten á disposición interior como ao aspecto exterior dos edificios.
- d) Alivacións e rasantes
- e) Obras de fontanería e sumidoiros
- f) Fecho de terreos
- g) Obras en cemiterios
- h) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza, ou actividade de control según a normativa vixente.

#### Artigo 3.- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela

A estes efectos terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización

2 - No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas, formulen as declaracións responsables ou as comunicacións previas, ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

Para a aplicación deste artigo considerarase substituto de primeiro grado a quen solicite a licenza ou formule a declaración responsable ou comunicación previa; dirixíndose a este obrigado tributario a acción administrativa tendente ao cobro do Imposto. Cando non exista solicitude ou, no su caso, declaración responsable ou comunicación previa, esixiráselle o pago á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

O substituto poderá esixirle ao contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita.

Na solicitude de licenza así como nas formulación de declaración responsable ou comunicación previa, deberá constar especificamente se o interesado actúa no seu nome, ou en representación do contribuínte ou substituto do contribuínte, reflectindo, no seu caso, o nome DNI ou CIF e domicilio deste último; debéndose indicar en todo caso: nome, DNI /CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dono das obras e da empresa constructora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, tales datos aportaránse no momento da súa designación

#### **Artigo 4.- Beneficios fiscais**

##### A.- Exencións

Está exenta do pagamento do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas, ou as Entidades Locais, que estando suxeita ao Imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, camiños de ferro, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de novo investimento como de conservación.

##### B.- Bonificacións

1.- Establécese unha bonificación do 95 % da cuota do Imposto, a prol das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O interesado deberá solicitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal acompañando informe ou memoria xustificativa.

A "declaración de interese ou utilidade municipal" aprobada en Pleno quedará

automáticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten á licenza concedida, así como no caso de caducidade da licenza. Notificaráse ao interesado que a "declaración de interese ou utilidade municipal" queda sen efecto así como a conseguinte bonificación, practicándose a correspondente liquidación complementaria

2.- Establécese unha bonificación do 50 % da cuota do Imposto, ás construcións, instalacións ou obras realizadas sobre edificacións xa existentes, consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou captadores dispoñen da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente ás construcións, instalacións e obras destinadas estrictamente a dito fin.

3.- Establécese unha bonificación do 25 % da cuota do Imposto, a prol das construcións, instalacións e obras refendas a vivendas de protección oficial.

Para o disfrute da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento da solicitude, a documentación acreditativa da cualificación polo Organismo competente, como vivenda de protección oficial

4.- Establécese unha bonificación do 90 % da cuota do Imposto a prol das construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cuota correspondente ás construcións, instalacións e obras destinadas estrictamente a dito fin, e sempre que as mesmas non esten establecidas como obrigatorias e mínimas na normativa correspondente.

5 - A concesión das bonificacións previstas neste artigo esixirán:

- a) Solicitude do interesado presentada ao mesmo tempo que a solicitude da correspondente licenza ou formulación de declaración responsable ou comunicación previa.
- b) Informe do Servizo de Urbanismo, para as contempladas nos apartados 2 e 4. Asimesmo, cando a natureza da obra así o requira, o devandito servizo emitirá informe na caso das bonificacións contempladas no apartado 1.
- c) Informe de Intervención.
- d) Resolución da Alcaldía.

6 - Tódalas bonificacións contempladas neste artigo poderán concurrir nunha mesma obra, de xeito que, cada unha delas aplicarásese á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os párrafos anteriores, polo mesmo orden con que figuran relacionadas

### **Artigo 5.- Base imponible e devengo**

1.- A base imponible do Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construcións, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material da mesma.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor acrescentado (IVA) e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

A base liquidable deste Imposto será idéntica á base imponible.

2.- O Imposto devéngase no intre de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

### **Artigo 7.- Normas de xestión**

1.- Naqueles casos nos que resulte legalmente esixible o outorgamento de licenza, cando se conceda a mesma ou cando, sin solicitarse ou concederse aínda dita licenza, ou sendo denegada a mesma, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisoria a conta, determinándose a base imponible en función dos índices, módulos de construción e prezos medios indicados no anexo desta ordenanza

2.- Naqueles casos nos que resulte legalmente esixible a formulación de declaración responsable ou comunicación previa, o Imposto regulado nesta ordenanza fiscal esixirase en réxime de autoliquidación con carácter previo ou simultáneo á formulación polos interesados, da declaración responsable ou comunicación previa; determinándose a base imponible en función dos índices, módulos de construción e prezos medios indicados no anexo desta ordenanza fiscal.

3.- Vistas as autoliquidacións o Concello de Nigrán practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que legalmente procedan que serán notificadas aos suxeitos pasivos para o seu ingreso, de conformidade co establecido ao respecto no Regulamento xeral de recadación.

4.- Tódolos supostos de concesión ou denegación de licenza, ou de construción, instalación ou obra sen licenza, ou sen declaración responsable ou comunicación previa, serán comunicados polo servizo de Urbanismo á Intervención do Concello, acompañando un informe de valoración do custo previsible das mesmas realizado polos técnicos municipais, de acordo co establecido no parágrafo anterior.

5.- No caso de que non se executen as obras, construcións ou instalacións, o interesado terá dereito á devolución do ingresado unha vez que formule expresa renuncia á licenza, ou ás obras mencionadas na declaración responsable ou comunicación previa, ou ben

se declare a caducidade da licenza. A devolución, cando proceda, axustarase ao procedemento establecido para as devolucions de ingresos incebidos.

6.- Unha vez rematadas as obras, será comprobado pola Administración municipal o electivamente realizado e o custo real e efectivo das mesmas, requirindo para elo aos interesados, as correspondentes certificacións de obra, estados contables e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Á vista do resultado da comprobación, practicarase polo Concello a liquidación definitiva, con deducción, no seu caso, do importe xa liquidado na liquidación provisoria, así como e no seu caso, na autoliquidación e na liquidación complementaria.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións, referidas aos puntos 1.2 e 1.3 da orde do día:

*D. Albertín García Pazos, concelleiro delegado:* Propon que os puntos 1.2 e 1.3 se traten conxuntamente, porque obedecen á adaptación á mesma norma estatal recentemente publicada (R D I 19/2012). Trátase de incluír as novas previsións no feito imponible.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Votarán a favor. Esperan que se reactive a creación de emprego.

*D. Antonio Fernández Comosaña, do grupo mixto:* Apoiar a iniciativa. É acertada a adaptación á nova normativa, que flexibiliza certos procedementos. A urxencia resulta da entrada inmediata en vigor da lei que xerou unha agoa nas ordenanzas fiscais.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria conxunta para aos puntos 1.2 e 1.3 da orde do día adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dicaminada pola Comisión informativa.

### **1.3.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POR:**

#### **A) OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS**

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas para construcións, instalacións e obras e outros servizos urbanísticos, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas para construcións, instalacións e obras e outros servizos urbanísticos, publicada no BOP número

249, do día 29 12.11.

Visto o establecido no Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, e tendo en conta que o mesmo elimina os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde pública, ligados a determinados establecementos comerciais e outros, afectando tamén a todas as obras ligadas ao acondicionamento dos locais que non requiran proxecto técnico de obra para as que non será esixible licenza ou autorización previa.

Considerando preciso modificar a ordenanza fiscal citada coa finalidade de adaptar o seu articulado ao establecido no Real Dereto-lei 19/2012, de 25 de maio.

Esta Alcaldía propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Modificar a denominación, os artigos 1, 2, 4, 6 e 8 así como o título do anexo da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas para construcións, instalacións e obras e outros servizos urbanísticos, que terán a seguinte redacción:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección.

#### **Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Nigrán establece a Taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización de actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección á que se refire o artigo 20.4 h) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2.- Feito imponible**

1.- Constitúe o feito imponible desta Taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construción, instalación ou obra dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos ou de inspección, ou a realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

2.- En concreto, e sin que a enumeración teña carácter limitativo, quedan englobados no feito imponible da presente taxa os seguintes servizos:

- a) Licenzas de obras ou instalacións (incluídas obras de demolición, desmonte ou explanación)
- b) Señalamento de aliñacións e rasantes.

- c) Licenzas de primeira ocupación.
- d) Licenzas de parcelación
- e) Cambio de titularidade ou transmisión de licenzas.
- f) Cédulas urbanísticas.
- g) Consultas previas, informes e certificados urbanísticos
- h) Proxectos de delimitación de ámbitos de actuación, áreas de reparto ou unidades de execución.
- i) Proxectos de compensación ou de reparcelación.
- k) Expropiación forzosa a prol de particulares.
- l) Declaración responsable ou comunicación previa que permita a execución das obras ás que fai referencia o Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, e a súa normativa de desenvolvemento.

3.- A Taxa devéngase cando se inicie a prestación do servizo por parte da Administración municipal, coa recepción da solicitude de licenza, de declaración responsable ou comunicación previa, ou/e a correspondente incoación do expediente.

4.- Unha vez nacida a obriga de contribuir, non se verá afectada en modo algún pola denegación ou caducidade da licenza ou servizo solicitado, nin pola renuncia do solicitante con posterioridade á concesión da licenza ou á formulación da declaración responsable ou comunicación previa. No caso de desestimento por parte do interesado con anterioridade á concesión da licenza ou do comezo das obras comprendidas nunha declaración responsable ou comunicación previa, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada, sempre que o desistimento sexa presentado antes de que se expida calquera informe técnico ou xurídico polos servizos municipais correspondentes.

#### **Artigo 4.- Suxeitos pasivos e responsables.**

1.- Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a licenza ou servizo, ou formulen declaración responsable ou comunicación previa, que executen as construcións, instalacións ou obras sen obter previamente a preceptiva licenza cando esta resulte esixible, ou sen formular previamente declaración responsable ou comunicación previa no resto dos casos.

2.- En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os promotores e contratistas das obras.

3.- Na solicitude de licenza ou na formulación de declaración responsable ou comunicación previa deberá constar especificamente se o interesado actúa no seu nome, ou en representación do contribuínte ou substituto do contribuínte; reflectindo, no seu caso, o nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal destes últimos; debéndose indicar en todo caso: nome DNI/CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dono das obras e da empresa constructora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, os datos aportaránse no momento da súa designación

4.- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

5.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

### Artigo 6.- Cuota tributaria

As cuotas a satisfacer resultarán de aplicar á base liquidable os tipos seguintes:

A) Licenzas de obras maiores, de reforma ou nova pranta:

- Vivendas unifamiliares até 150 m2 construídos	0,11 %
- Vivendas unifamiliares de máis de 150 m2 e até 200 m2 construídos	0,26 %
- Vivendas unifamiliares de máis de 200 m2 construídos	0,52 %
- Edificacións de varias vivendas e/ou locais en réxime de propiedade horizontal	0,52 %
- Naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc.	0,53 %

B) Licenzas de obras menores 0,11 %

B bis) Actividades administrativas de control nos supostos nos que a existencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación preva 0,11 %

C) Licenzas de primeira ocupación, calquera que sexa o tipo de edificación:

- Até 150 m2 construídos	0,11 %
- Entre 150 e 200 m2 construídos	0,26 %
- De máis de 200 m2 construídos	0,52 %

Se o resultado da aplicación das tarifas previstas nos apartados A), B), B bis) e C) anteriores, fose inferior a 42,00 €, prevalecerá este último importe como cota mínima.

D) Outros servizos e cotas

Importe da Cota

- Sinalamento de aliñacións e rasantes e liñas de peche	65,10 €
- Informes de calificación urbanística de terreos, por parcela	15,75 €
- Parcelacións urbanísticas ou normalización de terreos	0,16 € /m2
- Solicitudes de declaración de ruína:	O 200 % da cuota tributaria do imposto sobre bens inmoables no ano da solicitude
- Transmisión de licenzas	31,50 €
- Inspección de obras que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade.	31,50 €
- Inspección de actividades e instalacións, que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal, agás a inspección para a apertura, por unidade.	31,50 €

- Revisión de licenza a instancia de parte, só cando o resultado da revisión non supoña alteración da licenza orixinal. 52,50 % da TLU (\*)
- Autorizacións previas en solo rústico 63,00 € + Custo do anuncio
- Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando o orzamento de execución coincida co orzamento básico 42,00 €

Para o caso no que o orzamento de execución supere o básico, practicarásese liquidación de taxas relativa á diferenza de orzamento, conforme ao disposto no apartado A) deste artigo. Para o caso dos "proxectos reformados", aplicarásense idénticos criterios aos sinalados no apartado anterior para os proxectos de execución.

- Por tramitación de expedientes de iniciativa particular relativos a planeamento secundario ou de desenvolvemento e xestión urbanística, o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custe dos anuncios en Diarios oficiais e prensa local.

Os interesados poderán tramitar e custear directamente as devanditas publicacións. Neste caso non se devenga a presente taxa.

Se o resultado da aplicación das tarifas previstas neste apartado D), fose inferior a 31,50 €, prevalecerá este importe como cota mínima, agás os informes de calificación urbanística de terreos.

(\*) TLU = Taxa polo outorgamento da licenza urbanística en revisión.

### Artigo 8.- Normas de xestión

1.- Naqueles casos nos que resulte esixible o outorgamento de licenza, liquidarásese e esixirásese o importe da taxa, unha vez resolta a concesión ou denegación da licenza ou servizo solicitado. Nembargantes, poderásese esixir no momento de presentar a solicitude de calquera licenza ou servizo dos que constitúen o feito imposible, en calidade de depósito previo.

2 - Nos supostos contemplados nos apartados A), B) e C) do artigo 6, cando se conceda a licenza preceptiva ou cando, sin solicitarse ou concederse aínda dita licenza, ou sendo denegada a mesma, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarásese unha liquidación provisoria a conta, determinándose a base impositiva en función dos índices, módulos de construción e prezos medios que figuran como anexo a esta Ordenanza

Nos supostos contemplados no apartado B bis) do artigo 6 a taxa esixirásese en réxime de autoliquidación con carácter previo ou simultáneo á formulación polos interesados da declaración responsable ou comunicación previa, determinándose a base impositiva en función dos índices, módulos de construción e prezos medios indicados no anexo desta ordenanza fiscal.

Vistas as autoliquidacións o Concello de Nigrán practicarásese, no seu caso, as liquidacións complementarias que legalmente procedan que serán notificadas aos suxeitos pasivos para o seu ingreso, de conformidade co establecido ao respecto no Regulamento xeral de recadación.

Tódolos supostos de concesión ou denegación de licenza, ou de construción,

instalación ou obra sen licenza, ou sen declaración responsable ou comunicación previa, serán comunicados polo servizo de Urbanismo á Intervención do Concello, acompañando un informe de valoración do custo previsible das mesmas, realizado polos técnicos municipais, de acordo co establecido no parágrafo anterior. Asimesmo, comunicarán tódolos demais actos de prestación de calquera dos servizos que constitúen o feito imponible desta taxa, informando sobre unidades, superficie ou calquera outro elemento tributario necesario para o cálculo da cuota.

3.- Unha vez rematadas as obras, será comprobado pola Administración municipal o efectivamente realizado, así como o custo real e efectivo das mesmas, requirindo para elo aos interesados, as correspondentes certificacións de obra, estados contables e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Á vista do resultado da comprobación, practicarase polo Concello a liquidación definitiva, con deducción, no seu caso, do importe xa liquidado na liquidación provisoria, así como e no seu caso, na autoliquidación e na liquidación complementaria.

Nos supostos contemplados no apartado D) do artigo 6, a liquidación inicial terá carácter de liquidación definitiva, agás que pola natureza do servizo prestado, sexa precisa algunha comprobación administrativa posterior que poidera dar lugar a diferencias susceptibles de liquidación.

4.- As liquidacións tanto provisorias como as complementarias e as definitivas indicadas nos apartados anteriores, seguirán o procedemento de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

**Anexo á ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección.**

**Deliberación.**- A sintese das intervencións consta no punto I 2, ao debaterse conxuntamente con este.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria conxunta para aos puntos I.2 e I.3 da orde do día adoptouse o acordo que a seguir se fai constar

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: Ningunha

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión informativa.

## **B) LICENZAS DE ESTABLECEMENTOS E POLA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VERIFICACIÓN DE NORMATIVA DE ESTABLECEMENTOS**

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa

favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de establecementos e pola realización de tarefas de verificación de normativa de establecementos, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de establecementos e pola realización de tarefas de verificación de normativa de establecementos, aprobada definitivamente polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 22.12.11 e publicada no BOP número 249, do día 29.12.11

Visto o establecido no Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, e tendo en conta que o mesmo elimina os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde pública, ligados a determinados establecementos comerciais e outros.

Considerando preciso modificar a ordenanza fiscal citada coa finalidade de adaptar o seu articulado ao establecido no Real Dereto-lei 19/2012, de 25 de maio.

Esta Alcaldía propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Modificar o artigo 8 e a disposición final da ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de establecementos e pola realización de tarefas de verificación de normativa de establecementos, que terán a seguinte redacción:

#### **Artigo 8.- Xestión.**

1. As persoas interesadas en instalar un establecemento, presentarán previamente a través do rexistro xeral do Concello de Nigrán, a documentación legalmente esisible, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local
- 2.- Rematada a actividade municipal e adoptado o acordo que proceda, practicarase a liquidación correspondente da taxa que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso no Concello de Nigrán, de conformidade co establecido ao respecto no Regulamento xeral de recadación.
- 3.- Se despois de liquidada a taxa fora variada ou ampliada a actividade a desenvolver no establecemento, ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberánse comunicar á administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número 1 deste artigo.
- 4.- Nos supostos nos que para o inicio da actividade ou posta en funcionamento do establecemento non resulte legalmente esixible licenza municipal, a taxa regulada nesta ordenanza fiscal esixirase en réxime de autoliquidación con carácter previo ou simultáneo á formulación polos interesados da declaración responsable ou comunicación previa. Nestes casos serán, tamén, aplicables as previsións do apartado 3 deste artigo

O Concello de Nigrán practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que legalmente procedan que serán notificadas aos suxeitos pasivos para o seu ingreso, de

conformidade co establecido ao respecto no Regulamento xeral de recadación.

### **Disposición final.**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor e comezarase a aplicar desde o día da súa publicación no boletín oficial da provincia de Pontevedra; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

**Deliberación.**- A síntese das intervencións consta no punto I.2, ao debaterse conxuntamente con este.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria conxunta para aos puntos I.2 e I.3 da orde do día adoptouse o acordo que a seguir se fai constar

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión informativa.

## **I.4.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DOS PREZOS PÚBLICOS DAS: A) ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais, coa seguinte proposta:

Vista a Ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais (BOP número 152, do 10.08.10).

Tendo en conta o número de alumnos das escolas deportivas e considerando preciso incrementar nun mes a duración das mesmas que na actualidade é de sete meses (novembro a maio) e pasaría ser de oito meses (de outubro a maio), igualando a duración coa establecida para as escolas e actividades culturais.

Considerando preciso incrementar as tarifas indicadas no artigo 6.1 da ordenanza reguladora do prezo público para cubrir parcialmente a maior duración das actividades, establecendo en 80,00 euros e en 50,00 euros respectivamente as actuais cuotas de 70,00 euros e de 44,00 euros respectivamente; e considerando preciso tamén incrementar nun 4,00 por 100 as tarifas indicadas no artigo 6.2 da citada ordenanza coa finalidade de cumprir co establecido no "Plan de saneamento 2009-2015" aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8.07.09.

Coa finalidade de facilitar o acceso do maior número de persoas ás escolas, actividades e instalacións deportivas do Concello de Nigrán, estímase (ao abeiro do establecido no artigo 44.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo) que concorren circunstancias de carácter social, cultural e de interese público que aconsellan seguir mantendo os importes do prezo público en contía globalmente inferior aos custes dos servizos prestados ou das actividades realizadas.

Esta concelleira propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO:** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 53/12, de data 18.06.12, en aplicación do establecido no artigo 217.2 b da LRFL.

**SEGUNDO:** Modificar o artigo 6 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais, que quedará redactado da seguinte forma:

**Artigo 6.-** As tarifas dos prezos públicos serán as seguintes:

1.- Escolas deportivas municipais

Actividade	Cuota de inscrición
Actividades predeportivas	80,00 €
Ximnasia mantemento	80,00 €
Ximnasia 3ª idade	80,00 €
Aerobic	80,00 €
Ioga	80,00 €
Taekwondo	80,00 €
Tai-Chi	80,00 €
Patinaxe	80,00 €
Tenis	80,00 €
Baloncesto	80,00 €
Fútbol	80,00 €
Outras	80,00 €
Cursiños	50,00 €

1. Nas tarifas inclúese o seguro obrigatorio de accidentes.

2. Os membros dunha familia numerosa terán unha bonificación por cada un deles do 25 % das bases das tarifas. A condición de familia numerosa debe concorrer antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e deberase acreditar documentalmente xunto coa solicitude.

2.- Uso de instalacións

2.1.- Pistas de tenis.

2.1.1.- Hora ou fracción sen iluminación 3,64 €

2.1.2 - Hora ou fracción con iluminación 5,20 €

Non se autoriza o uso das pistas de tenis a máis de catro persoas simultaneamente, salvo nos cursos organizados polo Concello de Nigrán.

## 2.2.- Pista polideportiva exterior

### 2.2.1.- Equipos federados locais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción 0,00 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción 0,00 €

### 2.2.2.- Equipos non locais e grupos ocasionais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción 11,44 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción 15,60 €

Os equipos federados locais para ter dereito á gratuidade deberán contar cun mínimo do 60% dos seus xogadores empadroados en Nigrán.

## 2.3 - Pabillón polideportivo

### 2.3.1 - Equipos federados locais

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción 0,00 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción 0,00 €

### 2.3.2 - Equipos non locais e grupos ocasionais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción 22,88 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción 27,04 €

Os equipos federados locais para ter dereito á gratuidade deberán contar cun mínimo do 60% dos seus xogadores empadroados en Nigrán.

Non se autoriza o uso do Pabillón polideportivo cando teña previsto facer uso do mesmo no día solicitado o Concello de Nigrán.

**Deliberación.- Síntese das intervencións, referidas aos apartados A e B deste punto, que foron obxecto de debate conxunto.**

*D<sup>a</sup> Lilitana Silva Pequeño, concelleira delegada:* Explica a proposta. Hai un incremento do 4% no prezo das actividades culturais, seguindo o plan de saneamento. Nas deportivas incrementábase un mes a súa duración, e tamén os prezos correspondentes.

*D<sup>a</sup> Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Aquí discrepan e piden que peixen o asunto sobre a mesa. As promesas electorais do goberno non se están cumprindo, nin nesta



nin noutras materias. Os ingresos decaen e os gastos non se controlan. Deste xeito hai que acudir á subida de impostos. Para practicar deporte haberá que pagar case un 15% máis. O goberno perdeu o contacto co pobo. Converten a actividade deportiva nun artigo de luxo. Son actividades con superávit. Pídenlle coherencia ao goberno co seu programa electoral. E que controle os gastos coma os do concelleiro de obras, que ademais da dedicación cobra os desprazamentos. Pídelles reflexión ao goberno e anuncia o seu voto en contra. Nas actividades culturais pasa o mesmo. A pesar do que xa subira o goberno anterior, vólvese a incrementar. A cultura hai que considerala un investimento.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* A subida do ano pasado xa superara o 4% tendo en conta a redución do tempo de duración dos cursos. Agora séguese co incremento. Os incrementos salariais e os ingresos dos autónomos non subiron neste período. Na Mancomunidade do Miñor tamén se subiron as tarifas da piscina. Mentres os ingresos dos cidadáns non soben, a presión fiscal increméntase. Habería que tender ao autofinanciamento, pero diferenciando unhas actividades doutras.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Mantén a súa postura expresada en ocasións precedentes. Hai actividades que custan máis do que producen. Deben autofinanciarse. A lei obriga a elo. Tal autofinanciamento nunca se abordou, pero nas circunstancias actuais hai que revisar esa política. O plan de saneamento contemplaba incrementos, aínda que o seu grupo non o apoiou.

*Sr. Silva Pequeño:* Estas actividades ofrécese a un prezo razoable. A subida de prezo é algo que se fai periodicamente. A redución de duración nas deportivas foi necesaria para poder manter o servizo. O superávit do que falou non contempla gastos de funcionamento. En todo caso seguen costando máis do que se ingresa.

*Sr. González Pérez:* Non é o momento, nin o montante previsto é o que corresponde. Reiteran a súa posición.

*Sr. Fernández Comesaña:* As actividades deportivas ofrecen un déficit evidente, e ilegal, dada a obriga de autofinanciarse.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O PSOE critica unha subida de taxas que está nun plan de saneamento que aprobaron. A traxectoria destas actividades obriga a axustes. O ano anterior fíxose reducindo a duración. Agora hai un incremento na duración e un axuste no prezo. Se se tende ao autofinanciamento, mellor. O que se propón é razoable.

*Sr. González Pérez:* O Alcalde deber pechar o debate de xeito institucional, pero non o fai. Parece que defende que a subida é culpa do goberno anterior. Xa pasou o tempo diso. Asuman as súas decisións.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de cumprir o plan de saneamento aprobado polo PSOE e polo PP.

**Votación e acordo.** - Previa votación ordinaria conxunta para aos puntos 1.4.A) e 1.4.B) da orde do día adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor 9, PP e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto
- Votos en contra 6, PSDE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto
- Abstencións Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión informativa

## B) ESCOLAS E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais, coa seguinte proposta

Vista a Ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais (BOP número 152, do 10 08 10)

Considerando preciso incrementar nun 4,00 por 100 as tarifas indicadas no artigo 6 da citada ordenanza coa finalidade de cumprir co establecido no "Plan de saneamento 2009-2015", aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8 07 09

Coa finalidade de facilitar o acceso do maior número de persoas ás escolas e ás actividades culturais do Concello de Nigrán, estimase (ao abeiro do establecido no artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo) que concorren circunstancias de carácter social cultural e de interese público que aconsellan seguir mantendo os importes do prezo público en contía globalmente inferior aos custos dos servizos prestados ou das actividades realizadas

Esta concelleira propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 54/12, de data 19.06.12, en aplicación do establecido no artigo 217.2 b da LRFU

**SEGUNDO:** Modificar o artigo 6 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais, que quedará redactado da seguinte forma

### Artigo 6.-

As tarifas dos prezos públicos serán as seguintes

Actividade	Cuota de inscrición
Cerámica	83,00 €
Pintura	77,00 €
Música	77,00 €
Teatro	77,00 €
Outros cursos	77,00 €

Curs ños 48,00 €

- a) Nas tarifas inclúese o seguro obrigatorio de accidentes. Nas actividades de cerámica e pintura non se inclúe o consumo de material, que irá a cargo do alumno
- b) Os membros dunha familia numerosa terán unha bonificación por cada un deles do 25% das bases das tarifas. A condición de familia numerosa debe concorrer antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e deberase acreditar documentalente xunto coa solicitude

**Deliberación.-** A síntese das intervencións figura no apartado A deste punto, ao producirse o debate conxunto.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria conxunta para aos puntos I 4.A) e I 4.B) da orde do día adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto
- Votos en contra: 0; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto
- Abstencións: Ningunha

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión informativa

#### **I.5.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE NIGRÁN PARA O ANO 2012: MONITORES DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa favorablemente o expediente da modificación do anexo de persoal do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 monitores de actividades deportivas, coa seguinte proposta:

Vistas as contratacións de monitores culturais e de actividades deportivas conforme ao recollido nos cadros de persoal, aprobados xunto cos orzamentos xerais do Concello durante os anos anteriores segundo o seguinte desglose:

- Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 111 de data de 10 de xuño de 2008 mediante o que se publica o orzamento xeral correspondente ao exercicio do ano 2008 do Concello de Nigrán xunto co cadro de persoal no que se recolle a contratación a tempo parcial de tres monitores culturais e doce monitores de actividades deportivas durante un período de oito meses (apoo C) persoal laboral temporal)

Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 229 de data de 26 de novembro de 2009, mediante o que se publica o orzamento xeral correspondente ao exercicio do ano 2009 do Concello de Nigrán xunto co cadro de persoal no que se recolle a contratación a tempo parcial de tres monitores culturais e once monitores de actividades deportivas

durante un período de oito meses (apdo. C) persoal laboral temporal), prorrogado durante o ano 2010 e 2011

- Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 25 de data de 6 de febreiro de 2012 mediante o que se publica o orzamento xeral correspondente ao exercicio do ano 2012 do Concello de Nigrán xunto co cadro de persoal no que se recolle a contratación a tempo parcial de tres monitores culturais durante un período de oito meses e once monitores de actividades deportivas durante un período de sete meses (apdo. C) persoal laboral temporal)

Tendo en conta os datos expostos pola Concellería de Deportes do Concello ao remate das actividades, mediante os que se constata a insuficiencia do tempo dos sete meses actualmente estipulado para unha realización óptima das actividades deportivas desenvolvidas durante o ano 2011-2012 (parcialmente coincidente co "curso escolar") nas especialidades de ioga, taekwondo, tenis (grupo I e II), aerobio, ximnasia terceira idade, patinaxe (grupo I e II), ximnasia de mantemento (grupo I e II) e taichi, en base ás planificacións iniciais das actividades achegadas polos citados monitores e os resultados finais e valoracións expostas.

Tendo en conta tamén as queixas e suxerencias formuladas por todos os interesados nas actividades instando a prolongar a duración das mesmas ata lograr una duración mínima de oito meses ao ano e resultando de interés unificar o tratamento dado ás actividades culturais e deportivas a fin de ofrecer un servizo municipal de calidade e óptimo ao cidadán.

Considerando respecto do exercicio por parte do Municipio das competencias, entre outras, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de "... actividades e instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre, Turismo ..." establecido no artigo 25 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local

Considerando asimismo o refendo ás plantillas de persoal e correspondentes modificacións no artigo 90 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, sobre ás disposicións xerais do persoal ao servizo das Entidades Locais; artigo 126 e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1989, de 18 de abril, por o que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local e demás normativa aplicable nesta materia

Esta Conceloría, propón:

**PRIMEIRO:** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 55/12, de data 19.06.12, en aplicación do establecido no artigo 217.2 b da LRFI

**SEGUNDO:** A modificación do anexo de persoal orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012, de forma que a contratación a tempo parcial dos once monitores de actividades deportivas nas modalidades de ioga, taekwondo, tenis I, aerobio, ximnasia terceira idade, patinaxe I, ximnasia de mantemento I, ximnasia de mantemento II, tenis II, taichi e patinaxe II se establezca para un período de 8 meses ao ano

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada:* Preténdese modificar o anexo de persoal para incrementar nun mes a duración do contrato dos monitores.

*D Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Hai que recuperar a duración antes recortada. Isto é positivo. Estas actividades son máis un investimento que un gasto.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto* Votará a favor. É unha demanda dos usuarios.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O incremento do déficit que se xerará motiva o informe desfavorable da Intervención. Haberá que ir corrixindo. Votará a favor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A redución anterior motivouse por razóns de tramitación. Agora rectifícase. O importante é mellorar.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria adoptouse o acordo que a seguir se fai constar

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións. Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión informativa.

**I.6.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 4.372,59 EUROS**

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2012, informa favorablemente o expediente do recoñecemento extrajudicial de créditos por importe de 4.372,59 €, coa seguinte proposta:

Tendo coñecemento dos diversos gastos correspondentes a indemnizacións por razón do servizo do persoal deste concello, así como de gastos farmacéuticos de funcionarios referidos aos anos 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011, por un importe total de 4372,59 € segundo o seguinte desglose.

- Importe total en concepto de "gastos derivados de desprazamentos por razóns do servizo". 2.505,99€
- Importe total en concepto de "gastos correspondentes a dietas": 17,90€
- Importe total en concepto de "gastos de farmacia": 208,62€
- Importe total en concepto de "gastos derivados de asistencia a tribunais de selección": 1.640,08€.

Visto o estado de execución do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2012, e tendo en conta a existencia de crédito dispoñible na aplicación

orxamentaria de contabilización no ano 2012 dos gastos citados

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial dos gastos indicados coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como a posibles quebrantos económicos a terceiros que teñen pendente de contabilización e pago diversos importes

Esta Concellería, propón:

**PRIMEIRO:** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 56/12, de data 20.06 12, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

**SEGUNDO:** Recoñecer extraxudicialmente os gastos indicados na relación que se achega coa presente proposta, por importe de 4.372,59€, imputando os gastos ao crédito dispoñible na aplicación orxamentaria 12.920.2269910 do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

*D<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada:* Explica a proposta que trata de compensar débedas co persoal municipal por diversos conceptos.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Algúns corresponden á etapa anterior. No todos teñen respaldo, por iso non o van a apoiar

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Non ten interese en privar aos interesados do resarcimento de gastos, pero non vai amparar esta mala praxe, que xa inclúe a membros deste goberno. Nin sequera hai modelos normalizados para estas xustificacións. Non votará en contra, pero tampouco o avalará

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Houbo desencontros neste tipo de gastos. Os responsables políticos tiñan que haber controlado a situación. É irresponsable autorizalos e non pagalos. O entón concelleiro de urbanismo incluso autorizou a asistencia a un master de urbanismo. Hai que empezar a aplicar a prudencia neste tipo de gastos. Tamén lle parece grave que un concelleiro con dedicación exclusiva cobre desprazamentos dentro do municipio

*Sra. Costas Abalde:* O anterior goberno non emitiu as xustificacións oportunas. Sobre a mala praxe, hai que ter en conta que o peche de exercicio pode dar lugar a isto. Si hai modelos normalizados. As asistencias a tribunais paganse segundo a norma.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pensa que nos tribunais non é o mesmo o persoal de fóra que o da casa. Puido comprobar a existencia de modelo normalizado

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa é o segundo recoñecemento sobre esta materia. O goberno socialista, que autorizou algúns destes gastos, non quere pagalos. Agora séguese un protocolo

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE e Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión informativa.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 2 de maio de 2012 e o 31 de maio de 2012, ambos incluídos.

### II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

#### 1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista

1.1 No anterior Pleno preguntei, porque vostede anunciou que tiñan colgado o documento do Plan Xeral e todos os informes pertinentes das diferentes administracións na páxina web, primeiro me dixo que eu non entendía moito da páxina web, que buscara ben, porque seguro que estaba, e despois, como parece que algo non había, me dixo que tiñan dificultades coa páxina web. Como eu non busco ben puxen á xente amiga miña que sabe buscar ben, que non o atopou, e por outro lado, non sei se arranxaron os problemas coa páxina web, pero o documento segue sen estar, hai un plano e nada máis.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O problema da páxina web é que temos capada a portada. Co primeiro pantallazo os veciños entran en [www.nigran.org](http://www.nigran.org), con un simple click chega aos planos e aos informes previos á aprobación inicial.

*Sr. González Pérez:* Eu pregunto polo documento do Plan Xeral.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Onde tiñan vostedes o documento de avance colgado, pinchan aí e lle sae unha nova páxina, aí sae o documento e os informes.

*Sr. González Pérez:* Se vostede me asegura aquí que todo o documento do Plan Xeral está aí.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están os planos e os informes

*Sr. González Pérez:* Hai un plano e os informes da Xunta, pero non o documento. Así non o encontraba eu.

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿Que documento quere?

*Sr. González Pérez:* O documento do Plan Xeral, o documento non é un plano, o que queremos é o documento que elaborou o equipo redactor que está contratado por este concello e que se enviou á Xunta. Non me diga un plano e os informes. O documento engloba moitas cousas e é o que é necesario que miremos para saber o que aprobamos ou non.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Vostede ten acceso na Secretaría do Concello.

1.2 Nunha reunión que houbo hai dous ou tres meses vostede dixo que iba a remitir todo o documento a entidades veciñais e Consello Sectorial, a pregunta é ¿xa remitiu todo o documento do Plan Xeral?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Todo o documento do Plan Xeral estara preparado en semanas e se lle enviará copia do todo o documento ás asociacións veciñais para que teñan información veraz e real. O documento que hai que coñecer, non o que non hai que coñecer, o que se vai a levar a aprobación inicial. Os veciños estarán informados perfectamente.

1.3 Tamén dixo que antes de enviar ese documento a Santiago coas modificacións que a Xunta dicía nos seus informes iba a ir vostede polas parroquias a explicalo, ¿xa foi?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dixen que iba a ir ás asociacións de veciños antes da aprobación inicial.

1.4 Tamén dixo que o documento do Plan Xeral iba a estar informado pola Xunta. Incluso se atreveu a dicir que iba a levalo en man e trae-lo en man informado. Dixo que no mes de xuño xa iba estar informado. ¿Xa está informado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os informes previos xa están. Hai reunións de traballo coa Xunta de Galicia sobre os informes e hai que facer adaptacións ao que nos plantea a Xunta e o resto de organismos sectoriais.

1.5 ¿Unha vez de informado pola Xunta lle mandou un novo documento á Xunta de Galicia?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Enviouse un documento previo á aprobación inicial para informe dos distintos organismos sectoriais. A Xunta, entre outros, fai o seu informe previo á aprobación inicial. Neses informes hai unha serie de cuestións moi claras e evidentes e importantes. Agora estamos adaptando e negociando coa Xunta de Galicia cal vai a ser o documento que se pode levar á aprobación inicial e que eles acepten e que nós aceptemos.

*Sr. González Pérez:* Entón vai haber un novo documento.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Por suposto, que é o que se lle ensinará aos veciños e a vostede mesmo.

*Sr. González Pérez:* Entón o procedemento é: se lle ensinará aos veciños antes de vir ao Pleno. ¿Se lle vai ensinar aos veciños ou se lle vai deixar participar aos veciños para que poidan aportar o que consideren?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os veciños aportaron as 305 suxerencias que están recollidas nese documento e que mirarán no documento do Plan Xeral once están indentificadas cada unha das diferentes suxerencias e incluso ha un informe da empresa redactora de cada unha das suxerencias, co cal, o informe que vai a ver a xente é o informe adaptado aos informes da Xunta de Galicia e dos distintos organismo sectoriais e adaptado a un Plan Xeral que acepte a Xunta, que acepte o Concello, que sexa legal, e que polo tanto tecnicamente e legalmente sexa viable.

*Sr. González Pérez:* Entón vai a ir polas entidades veciñais a dicir isto é o que hai e o que vamos a aprobar en Pleno.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Este é o documento que a Xunta acepta para aprobar inicialmente.

*Sr. González Pérez:* Entón quen goberna aquí é a Xunta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿Vostede sabe que é a Xunta quen aproba definitivamente un Plan Xeral municipal, si ou non?

*Sr. González Pérez:* ¿A proposta de Plan Xeral quen a fai, o Concello ou a Xunta?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta a fai o Concello de Nigrán pero negociando e talando coa Xunta de Galicia. Se a Xunta de Galicia non acepta o modelo que nós lle plantexemos estamos condenados ao fracaso e a non aprobar un Plan Xeral. Isto é evidente.

16 No boletín Galicia Sur, que teñen no Concello, do Partido Popular, vostedes din que o Concello de Nigrán e a Xunta de Galicia fixo un equipo de traballo para a aprobación do Plan Xeral. Eu lle pregunto senón ten pensado que no equipo de traballo poden estar tamén os veciños de Nigrán.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu non sei se vostede pensa que a Xunta é un mercado. Nesa mesa de traballo non estamos os políticos, eu tiven unha xuntanza co Conselleiro e coa Secretaria Xeral e co Presidente da Xunta, para dicirle cal era o planteamento de Nigrán escoitados os veciños e as suxerencias dos veciños, e o que eu sei que queren os veciños, para onde debe ir ese Plan Xeral, pero esa é unha cuestión técnica, nesa mesa de traballo están os técnicos municipais, os técnicos da Xunta e os técnicos da empresa redactora.

17 Neste Pleno se aprobaron unhas propostas do Consello sectorial, do que vostede formaban parte, esa proposta foi asumida por unanimidade polo Partido Popular e polo Partido Socialista, porque eramos os que estábamos presentes no Pleno. Quero saber si esas propostas que tecnicamente deberían estar dentro do Plan, están incluídas neste novo documento que vostedes están negociando coa Xunta de Galicia.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Llo acabo de explicar, hai 305 suxerencias feitas por veciños, colectivos, e as suxerencias do Consello Sectoral, remitidas a través da aprobación do Pleno, que están incorporadas ao documento. As que se aceptan ou que non se aceptan teñen a súa xustificación técnica e legal dentro do documento. Hai un plano onde se mira onde están localizadas cada unha e o equipo redactor seguramente presentará un informe técnico e legal sobre cada unha das suxerencias.

1.8 En novembro do ano 2011 unha Concelleira do grupo socialista solicitou a posibilidade de cambiar un paso de peóns do lugar onde estaba na Praza da Carrasca, porque no lugar onde estaba non era o sito que considerábamos máis adecuado. Agora que están en obras ali, pedimos que se revise ese escrito para a posibilidade de cambiar o paso de peóns.

1.9 Seguimos sen recibir a documentación do rexistro de entrada que vostede nos dixo fai nove meses que nos iba a facilitar. Seguiremos preguntando pleno a pleno. Vostede seguirá dicindo que esa é documentación privada e secreta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É un tema legal de protección de datos que temos que resolver.

1.10 Quería saber en que consiste a mesa sobre violencia de xénero e quen vai participar.

*D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Pino Fernández, concelleira delegada:* A mesa sobre violencia de xénero consiste en coñecer os casos de Nigrán que hai de violencia e poder coordinar entre todos a atención ás mulleres. Participarán Garda Civil, Policía Local, Sicóloga, Asistente Social, Directora do CIM e a Directora da Muller da Subdelegación de Galicia.

1.11. En canto ao Centro de Día mancomunado, quería saber se me poden informar cantos usuarios hai de Nigrán.

*D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorrito, concelleira delegada:* Ha cuatro o cinco de Nigrán, pero aún no está lleno.

*Sr. González Pérez:* ¿Sabe cantos entraron polo procedemento de atención á dependencia e cales entraron por libre concorrencia?

*Sra. Alonso Macías Jorrito:* A entrada non a xestionamos desde o Concello, se xestiona dende a Xunta de Galicia. Creo que todos son de dependencia.

1.12. Fai algúns días foi inaugurado ou reinaugurado polo Presidente da Xunta o Centro de Día mancomunado. Quería preguntar, porque ao contrario que o Concello de Baiona ou Gondomar, que convidou a asistencia a toda Corporación, no caso de Nigrán só foi o Partido Popular á inauguración. ¿era un acto do Partido Popular ou era un acto do Concello de Nigrán?.

*Sr. Alcalde Presidente:* Invitou a Consellería de Benestar.

*Sra. Alonso Macías Jorrito:* Invitaron só á Concelleira de Benestar e ao Alcalde. Ningún dos nosos compañeiros foi.

1.13. En canto ao que falamos ao principio do servizo de locomoción dalgún concelleiro

por parroquias, por barrios e por onde faga falta, á parte de que ten dedicación exclusiva, dentro desa documentación aparecan as asistencias aos Plenos da Mancomunidade, reunións da Mancomunidade, etc. Incluso unha reunión que se fixo co grupo GESECO na Guarda, que por ir á Garda cobrou 62,80 euros. Quería saber se isto está conformado polos servizos técnicos do Concello, e si os demais Concelleiros, que son membros da Corporación, e que asisten aos plenos da Mancomunidade, tamén poden pasar dietas, gastos, etc.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Lle pasaremos o informe que está nos servizos técnicos e terá unha copia de todo.

1.14. Hai algúns concelleiros neste grupo de goberno, que teñen as súas empresas, ¿é lícito que empresas que teñen lle pasen cargos ao Concello de Nigrán ou sería convinte que non fora así?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non hai ningunha empresa da que sexa en parte ou que sexa propietario algún concelleiro que lle facture nada a este Concello.

*Sr. González Pérez:* Entón non sei como é posible que todos os gastos de farmacia os asine un selo que pon Carmen Alonso Macías Jorrito.

*Sra. Alonso Macías Jorrito:* Como titular dunha oficina de farmacia teño uns clientes-pacientes que pertencen a este Concello. Dende que eu son Concelleira o Interentor me dixo que eu non podía facturar. Eles consumen e o 60% da aportación lla pasan ao Concello. Dende que eu son Concelleira me dixo que non podía facer iso, que como Concelleira non podía facturar ningún gasto de farmacia, cousa que eu d'oscrepe co Interentor porque eu facturo a través de recetas médicas, non son eu a que lle digo o que ten que consumir, é un médico o que emite a receita e eu lle facturo. A partir de entón me obriga a que eu lle facture directamente ao funcionario e é o funcionario o que factura ao Concello. Eu non facturo nunca ningunha factura ao Concello de Nigrán, facturo directamente ao funcionario que consume e o funcionario que consume o reclama ao Concello.

*Sr. González Pérez:* Pero cobra del Concello.

*Sra. Alonso Macías Jorrito:* Cobro ao funcionario. Ten que especificar ben as cousas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está facendo ver algo que non é a realidade. Dende o primeiro día, esta Concelleira, nun gran sinal de responsabilidade resolve este asunto, e a pesar de estar facturando antes ao Concello, como fan as outras seis farmacias, ela non factura dende que é concelleira. O funcionario pode ir libremente á súa farmacia, pero ela lle cobra ao funcionario. Logo o funcionario, por un dereito adquirido, lle reclama ao Concello.

2.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto.*

2.1 Unha cuestión de orde, que a fago aquí, neste apartado de rogos e preguntas, porque antes deste apartado deberíamos discutir as mocións, e non discutimos as mocións

porque non hai ningunha, e non hai ningunha porque a pesar de que eu presente unha moción que foi rexistrada por min, non se incluiu na orde do día do Pleno. A moción foi rexistrada o sábado día 16, e como trataba do pago do IBI por parte da Igrexa Católica, decidiuse que ía á Comisión de Contas, da que eu, por decisión ao principio do mandato deste goberno, non formo parte. O argumento para non incluíla na orde do día é que foi posterior á convocatoria da Comisión de Contas. Eu creio lembrar, e creio que non lembro mal, que naquelas instrucións ou regulamento dos Plenos, que unilateralmente nos deu o Alcalde ao principio do mandato, establecía tamén o período límite para a presentación das mocions. Decía que as mocions se podían presentar na semana anterior á das comisións informativas. O sábado é semana anterior á das comisións informativas. Se a comisión se convoca o venres e eu non formo parte dela, eu non podo saber cando se convoca esa comisión. Con esta cuestión quero que salden o asunto dun xeito claro, que sexa claro de agora en diante ata cando se poden presentar as mocions para que veñan ao Pleno. Por suposto, esta moción irá ao seguinte Pleno. Quixera ter a seguridade de polo feito de presentala xa automaticamente vai a ir ao seguinte Pleno ou se a presento presentar outra vez.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estas cuestións están meridianamente clarísimas. Vostede ten desde o día que queira a potestade de presentar mocions para o seguinte Pleno. Todas as mocions que vostede meta por rexistro antes da convocatoria da comisión correspondente entrarán na orde do día da comisión e do Pleno. Se vostede quixera que esa moción se debatiera puido presentala por urxencia agora, e na comisión informativa na que vostede non está pero o seu grupo si, e vostede sabe que no regulamento orgánico aprobado no primeiro Pleno se establecen os días hábiles para a convocatoria para cada unha das comisións e dos plenos, con datas incluídas. A Comisión de Contas, á que ten que ir unha modificación como a do IBI, se convocou o venres á última hora, que xa se convocan á última hora por si hai algo, e vostede a presentou o sábado. Na comisión que se celebrou se acordou que como entrou fora de prazo se levará ao Pleno seguinte. Se vostede quixera que se falara dese asunto hoxe vostede tería que presentala por urxencia.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Non están estipulados os días e as datas para as convocatorias, están estipuladas os días, as datas, das comisións, non das convocatorias. O que en todo caso está estipulado na normativa xeral é o tempo mínimo de anteacción con que ten que facerse unha convocatoria. O da urxencia pode valerlle a alguén que non forme parte da Corporación, a nós non. Unha moción traida por urxencia o que se debate é a urxencia. Se non se acepta a urxencia xa non se debate, pero a min non me dá a gana de que vostedes non acepten a urxencia e que non se debata. Eu quero que se debata esa moción no Pleno, polo tanto non a vou traer por urxencia, porque ademais non é unha cuestión urxente, é unha cuestión que tanto vale para hoxe, mañá ou para pasado. Hai bastante frecuentemente unha mala utilización da urxencia no tema das mocions, e eu non quero ser participe diso. Eu o que quero é que vaia como ten que ir. Vostede me fala de que se aprobou un regulamento orgánico. Este Concelo non ten regulamento orgánico. Revise esas instrucións, a ver si teño eu razón ou non.

2.2 Nunha pregunta miña de fai algúns meses, a raíz de que unha serie de colectivos pertencentes ao Consello Sectorial lle solicitasen a súa convocatoria, eu fíxenlle aquí a pregunta de se pensaba, en función de ese escrito, convocar o Consello. Chegamos a ese momento que a maioría dos membros do Consello Sectorial, cansos de que pasen o tempo

deles, solicitábane, acolléndose ao propio regulamento do Consello Sectorial, a súa convocatoria. Vostede respondeu cun escrito alegando premura de tempo e que convocaría con antelación suficiente para garantir a convocatoria a todos os membros do Consello. Pasado un tempo máis que prudencial desde esta última solicitude de resposta, eu quero facerlle unha pregunta moi concreta, e polo tanto me gustaría que a resposta fora concreta tamén. A pregunta é se pensa convocar xa, no vindeiro mes de xuño o Consello Sectorial, como lle sinala o regulamento.

*Sr. Alcalde-Presidente. Si*

2.3. A biblioteca municipal co horario de verán a partir do 15 de xuño pasa a pechar polas tardes. Iso fai que pecha caendo aínda é lectivo para moitos dos usuarios da biblioteca que son estudantes e que ademais están nun período con exames finais, os universitarios, nun período no que aumentan por estas cuestións as consultas, mesmo por Internet na mesma biblioteca. O rogo é que de cara ao vindeiro ano intenten ver a posibilidade de que se manteña aberta polas tardes alomenos durante todo o mes de xuño.

2.4. Gustaríame que contemplaran nos próximos orzamentos a posibilidade de dotar de cámaras as instalacións da Policía Local que serven como calabozo. Dun xeito como xa dispoñen as instalacións da Policía Nacional e outras. Cun dobre obxectivo, para beneficio dos propios funcionarios e que ninguén poida dicir que tiveron un trato cara eles que non fose certo e -por que non- tamén para beneficio das persoas que nun momento dado poidan estar detidas ou retidas alí. Entre outras cousas para xustificar como se pode estar oito horas nas dependencias da Policía Local.

### 3.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto

3.1. Eu quería plantexar unha reflexión. Sr. Alcalde, se está producindo unha cousa moi preocupante durante os últimos meses con respecto ao Plan Xeral. Eu creo que a liorta que está tendo o PP co Partido Socialista non beneficia aos veciños de Nigrán, creo que é un tema moi grave, porque se algo require o tema do Plan Xeral é que todos arrimemos o ombro. Eu estou mirando con bastante preocupación como se está levando nos últimos meses, que en vez de conseguir aclarar, informar e axudar para que teñamos o mellor plan posible para Nigrán, eu creo que vamos na dirección contraria, creo que vamos a estrelarnos, porque tal e como se está plantexando non é o máis correcto. Pido responsabilidade a todos, desde a parte que me toca pido aos compañeiros de Corporación que exerzan a responsabilidade e sobre todo aqueles que tiveron responsabilidades de goberno. Creo que é moi importante que os veciños sepan que o partido que estivo gobernando ata fai un ano é responsable deste Plan Xeral que estamos discutindo, e que elaborou un Plan Xeral que deu directrices ao equipo redactor para que elaborara. O que non pode ser é que agora se pretenda liar a cousa. Eu quero que quede moi clara a miña postura en canto a que se alguén é responsable da tramitación, eu non estou sacando unha lanza a favor de ninguén, estou sacando unha lanza a favor dos veciños de Nigrán. O PP e o PSOE na última lexislatura estiveron unidos con respecto ao Plan Xeral, pero o documento do Plan Xeral que entrou aquí foi un documento redactado durante catro anos incumprindo todo e o Partido Popular o que fixo foi levar ese documento a Santiago que outros elaboraron, creo que tiñamos que aplicar un pouco de sentido común. Eu recoñezo, como a maioría que teñen información do documento, que hai moito que cambiar, porque o documento é rematadamente mellorable. Por iso digo que todos temos que arrimar o ombro se quereamos

que o Plan saiga adiante. Se non queremos, esa é outra cousa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu collo ese guante de responsabilidade e creo que a palabra que utilizo habitualmente é responsabilidade engadida á confianza e paciencia. É un proceso moi difícil, moi complexo e moi laborioso, que á parte de cuestións técnicas e normativas, existen cuestións sociais. O que me queira crer que me crea, o que non está no seu dereito. O que estamos tratando de facer é de conseguir o mellor plan para Nigrán. Que o Plan poida ser mellorable iso o defendo eu tamen, posiblemente sexa moi mellorable, pero ou vamos avanzando pasos ou nunca teremos un Plan Xeral, porque isto non é só unha decisión municipal, e nos guste ou non nos guste, isto funciona así, que neste caso temos que chegar a un entendemento cordial coa Xunta de Galicia, porque é quen aproba definitivamente o Plan. O que está claro e o que eu dixen publicamente é o seguinte. Primeiro, todos os veciños, todos os colectivos e o Consello Sectorial e todos os corporativos de Nigrán, van ter acceso e información directa e incluso facilitada por min nas distintas parroquias, do Plan Xeral. O que pido é calma mentres se está traballando na elaboración dese posible Plan. Estamos nun momento de negociación coa Xunta de Galicia para conseguir que os criterios que desde un principio, e desde a Corporación pasada e da Corporación actual defendemos o crecemento e o desenvolto das parroquias do interior deste municipio. Antes de aprobar ese documento se vai a informar sobre ese documento e se van dar as explicacións oportunas de por qué se chega a ese documento. Pido calma e responsabilidade. Non se trata dunha aprobación definitiva deste documento, é unha aprobación inicial que é como facer a providencia de inicio dun documento, o primeiro paso. O período de exposición pública do Plan vai a ser o máis importante, onde se van resolver cuestións case particulares, onde cada un pode dicir o que está ocorrendo. Os que están agora gobernando e a Corporación, que os membros desta Corporación están chamados e están participando libremente, excepto un grupo, en todas as reunións de portavoces que se están facendo sobre traballos do Plan Xeral. Bloque Nacionalista Galego, UCN e Partido Popular estamos informados de todos os trámites que estamos levando. No momento en que haxa algo concreto que poida chegar a ser un Plan Xeral os veciños o coñecerán.

*Sr. Fernández Comesaña:* Hai que recoñecer que o goberno do Partido Popular cometeu erros que non debeu de cometer, quizais polas circunstancias e quizais porque non tivo asesoramento adecuado, pero rectificou en canto nós lle dixemos que non era de recibo que non se dera a información que se estaba demandando.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nós recibimos a todas as persoas e a todos os colectivos que nos queiran facer preguntas, pero non só nós, incluso o departamento de urbanismo está a disposición dos colectivos e da xente que queira facer algunha consulta sobre este tema.

3.2 Na rúa Otero Pedrayo á altura da rotonda situada na PO-325 (cruce Panxón), existe un contedor de basuras mal ubicado orixinando un perigo para a circulación, rogo se desprace máis cara onde está situado o paso de peóns.

3.3 Existen algúns elementos no parque infantil das Dunas de Garfar en situación de perigo. Rogo se proceda á súa revisión e reparación.

3.4 Rogo se proceda á limpeza de maleza acumulada no entorno de varias fontes do municipio dado que presentan un estado de abandono

3.5 Na rúa Manuel Alonso na intersección coa Avd. Castela, existe un sinal de STOP que non ten sentido, rogo se proceda á súa retirada.

3.5. Sr. Alcalde, con motivo das obras do carril bici levadas a cabo no cruce de Panxón-Rúa Mariñeiro, colocouse provisionalmente unha barandilla de madeira na beirarrúa e dado o estado de precariedade actual supón un serio perigo para os peóns. ¿Está previsto colocar una barandilla máis segura e para cando?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se val a colocar unha nova. Non estaba dentro do proxecto e incluso a obra do muro non estaba tampouco e se falou coa Xunta para que se lle dese solución. Se comprometeron a facelo.

3.7 Na praia de Panxón, fronte ao restaurante J.R. fixéronse recentemente unhas obras de colocación dun tubo de plástico vertendo unhas augas na praia, son as augas do regato de Gaitar. Me gustaría saber quen fixo esas obras, se foi o Concello ou se foi Costas e con que finalidade.

*D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado:* Iso é o desaugue dos locais que hai enriba, que de vez en cando as bombas botan auga para afóra, e en vez de botala polo medio da praia se fixo unha arqueta sumidoiro.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A idea é que as augas que se verten periodicamente polos locais que hai pola zona de Gaitar, que en vez de que saian directamente cara o mar, que xeneran grandes brechas, que se absorba pola area.

*Sr. Fernández Comesaña:* Supoño que serán augas limpas, porque ali era o regato que houbo sempre. Supoño que Costas non autorizaría iso.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Son augas limpas

3.8 ¿Cantas solicitudes se presentaron para regularizar naves e vivendas construídas sen licenza municipal antes de xaneiro do 2003, cuxo prazo finalizou o pasado 20 de abril de acordo co establecido na LOUGA? ¿En que situación se atopan os expedientes presentados e xa se resolveron algúns?

*D. Ignacio Vilas González, concelleiro delegado:* Contestarase por escrito

3.9 Sr. Alcalde ou concelleiro de urbanismo: Con data 11 de xuño se concedeu licenza de actividade e construción dunha nave no polígono de Porto do Molle, para a fabricación de sistemas de seguridade industrial á firma CTC Ingenieros, SL presentada o 19/4/11 ¿Considera normal o tempo tardado de 14 meses para conceder a licenza de obras e actividade?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Normal non, pero xustificada si. Nós todo o que sexa axilizar, e as empresas igual que os demais teñen un compromiso por parte miña de axilizar o máximo posible os tramtes, pero se as empresas teñen que presentar modificacións de

proxectos e demais a documentación que non presentan non podemos seguir co trámite. Neste caso o atraso se produce porque hai unha licencia para un proxecto, logo hai unha modificación, ha. que axustar a licencia a esa modificación que teñen que presentar e xustificar documentalmete

*Sr. Fernández Comesaña:* Sabe o problema que temos co emprego, hai que axilizar as licencias administrativas para que non haxa que esperar tanto tempo. Pido que no futuro se mire con moita preocupación o que se lle dea a máxima dilixencia

*Sr. Alcalde-Presidente:* De todas maneiras, esa propia empresa nos dixo que non tiñan presa, en espera de tempos mellores

3.10. Fai varios meses formularlle un rogo en relación co alumeadado na Avda. Val Miñor, actuacións urbanísticas que xa estaban en funcionamento desde fai tempo e que o alumeadado non funciona, tanto a que está cerca do Concello como a que está máis arriba

*Sr. Álvarez Valverde:* Hai que cruzar o vial e non temos autorización de Estradas para facelo e non vamos a meter un caoro para tres bombillas, porque custa máis. Estamos buscando outra fórmula. No proxecto de urbanización non estaba contemplado

3.11. ¿Sr. Alcalde, me pode informar en que situación se atopa o novo cemiterio de Priegue? ¿Que pasos se están dando para resolver os problemas existentes e legalizalo? ¿Ten algo que ver o Concello?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O cemiterio de Priegue o Concello de Nigrán ten que ver se é non, porque hai unha actuación, unha obra para a que o Concello ten que dar a súa licencia e dar a autorización. O cemiterio de Priegue é privado e está xestionado por unha comunidade de propietarios que solicitaron facer unha actuación. É certo que hai unha situación sanitaria que a Consellería de Sanidade urxe que se tomen medidas e neste caso nós só tramitamos a licencia das obras.

*Sr. Fernández Comesaña:* Creo recordar que no seu día a comunidade de montes puxo en mans do Concello para a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación deste cemiterio. Aquela adquisición por parte do Concello daquel terreo implica unha titularidade da administración local dun ben. É certo que era unha cuestión condicionada a unha serie de aspectos, que o Concello compraba unha propiedade que en teoría debía ser súa, pero non o era porque os cartos procedían dunha comunidade de montes e que o Concello iba a tutelar. Creo recordar que no ano 2002 o Concello concedeu un título de propiedade aos propietarios que tiñan parcelas naquel cemiterio. Por iso en certa medida a administración pode estar vinculada con aquel feito un tanto especial que se acordou en Pleno. Por iso quero saber se o Concello segue mantendo a vinculación co cemiterio ou se se desligou e que é unha comunidade a que xestiona o cemiterio u se é a comunidade de montes a que o está xestionando. É un tema ao que hai que buscarlle solución porque é grave desde o punto de vista sanitario e o Concello terá que colaborar na medida do posible coa asociación ou se é o propio Concello, para darlle unha solución definitiva, porque non pode estar un cemiterio clandestino.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É certo o que plantexas dos antecedentes. Aquí déusello unha fórmula un pouco extraña. É certo que a través dun acordo o Concello formaba parte

dunha operación de compra duns terreos nos que o Concello só aparecía como tutelador dunha operación na que a comunidade de montes non podía comprar directamente os terreos, que o facía a nome do Concello, pero os cartos proviñan da comunidade de montes. O curioso é que o Concello facía a operación pero non iba a ter ningún tipo de dereito sobre o que se colocase enriba dese solo, polo tanto é unha situación un pouco extraña. Por iso nós, antes de que saíra toda esta cuestión sanitaria, empezamos en conversas coa comunidade de montes para informarlle de que o Concello estaba en disposición, e o está, de ceder ese terreo á comunidade de montes, e a comunidade de montes nos plantexa que eles tamén están dispostos a que se lle traslade directamente a propiedade dese terreo aos propietarios dese cemitero. Somos conscientes de que existe un gran problema sanitario. Nós o papel que temos é o de intermediar. Trataremos de botar unha man para resolver este problema. Hai unha licencia, unha adaptación desa licencia, un proxecto novo, e estamos en trámites de que se solucione.

\*\*\*

O non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

